

Mércores 29, Xaneiro 2014 | [Ciencia e tecnoloxía](#)

# Os Premios Eganet xa teñen finalistas



Marcos Pérez Pena

As TIC galegas celebran este venres en Vigo dúas das súas grandes citas anuais. O Pazo de Congressos Mar de Vigo acollerá a partir das 12.30 horas a X Edición dos Premios Eganet, que concede a [Asociación de Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías](#). Previamente, dende as nove da mañá, e nunha cita que se desenvolverá até o mediodía, celebrarase a cuarta edición anual do [Lacon Network](#), o encontro gastronómico que busca animar o desenvolvemento de sinerxías entre proxectos TIC a través do networking, a outra gran festa dos emprendedores TIC galegos, e que nesta ocasión contará coa presenza de Enrique Dans.

O xurado dos premios EGANET vén facer públicos os e as finalistas en cada unha das categorías, entre as 105 candidaturas presentadas. **Na Gala tamén se entregará o Premio Especial Eganet, elixido en votación interna polos socios de Eganet, que recaeu este ano no programa Banda Ancha da Radio Galega dirixido por Xosé María Fernández Pazos**, programa de radio que cumpre cinco anos dedicados á difusión das novas tecnoloxías e a sociedade de información en Galicia. A listaxe definitiva de finalistas é a seguinte:

## Categoría: Proxecto Colaborativo TIC

- Murallas Dixitais, presentado por Astrágalo Studio, Academia Postal3 Vigo, G12 Grupo e CLICTIC
- Portal das Palabras, presentado por imaxin|software, Real Academia Galega (RAG), Fundación Barrié e CG Producións
- Integración CMS e ERP, presentado por Visual Publinet e Inteco Ingeniería
- Feirón, presentado por R, Softwhisper, A Navalla Suiza e Tuapli

## Categoría: Aplicación Software

- SmartNauTic - Navegador nautico en realidade aumentada, presentado por

Human Soft

- Pictoaplicaciones, presentado polo Grupo Promedia
- iPetro - Monitorización de Estacións de Servicio, presentada por Conexiona Telecom
- xeoPesca, presentado pola Asociación xeoPesca

### **Categoría: Comunicación Dixital**

- Campaña en Galicia do Sorteio de Oro de Cruz Roja, presentado por Nasas, Agencia Creativa de Marketing Online
- Open Day Entremetidos - La Atalaya Coruñasa, presentado por Entremetidos
- O Castelo da Rocha Forte, presentado polo Concello de Santiago de Compostela
- Portal das Palabras, presentado por imaxin | software

### **Categoría: Negocio Online**

- Felicítame.es, presentado por Contact Comunicación
- "Un puntazo" programa de fidelización e ecommerce, presentado por Disashop
- Xcloud Bookstore, presentado por Enxenio
- El Faro de los Tres Mundos, presentado por Visual Publinet

Os finalistas da categoría Proxecto Emprendedor TIC daranse a coñecer este xoves, unha vez rematado o proceso de votación popular que se está a levar a cabo [na páxina en Facebook de Eganet](#).

## **Cuarto Lacon Network**

O [Lacon Network](#) chega á súa cuarta edición, convertido no grande encontro dos emprendedores TIC galegos, e de seguro contará cunha grande asistencia e participación. **De feito, a grande afluencia prevista obrigou a cambiar o lugar inicialmente previsto, as instalacións de Porto do Molle, e espérase superar os 450 asistentes da pasada edición.**

A LaconNetwork celébrase mensualmente e así chegou á súa edición 45, confirmando a súa consolidación dentro do calendario sectorial galego como unha cita mensual de referencia. Pero é na súa adición anual onde congrega centos de persoas, convertida nunha cita inescusable para emprendedores, empresarios, investidores e autoridades.

**Nesta edición, baixo a lema *O fin xa está preto* cóntase coa presenza de Enrique Dans, autor de *Todo va a cambiar*, que falará de comunicación en**

**medios sociais e marca persoal.** Emprendedores de éxito e novos emprendedores contarán “as súas peripecias para sobrevivir, buscar financiamento, crear modelos de negocio e contar experiencias de éxito internacional, que tamén as hai”, como destacan os promotores do evento. A sesión finalizará co habitual xantar informal.

**COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.**

#### **OUTRAS NOVAS RELACIONADAS:**

Sábado 2, Febreiro 2013 | [Ciencia e tecnoloxía](#)

**[Os premios Eganet entregáronse na gran noite das TIC galegas](#)**

---

Luns 29, Outubro 2012 | [Ciencia e tecnoloxía](#)

**[Os premios INNOVA-G recoñecen Buydeal, o 'Groupon' galego](#)**

---

Mércores 27, Xuño 2012 | [Ciencia e tecnoloxía](#) |

**[EGANET crea un consorcio de empresas para o comercio electrónico](#)**